



A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que recibiu escrito de D. Vicente Fernández García, en calidade de presidente da Xunta do Monte de Majedo de Fornelos, con data 16 de outubro de 1999, solicitando a transformación en convenio do consorcio Majedo OR-3026 en parte da correspondente ós veciños de Fornelos de Filloás.

2º.- Que acompaña certificación do secretario da comunidade D. José Rodríguez Pérez na que se fai constar que na asemblea xeral de data 16 de outubro de 1999 tomouse o acordo de iniciar os trámites para a subscripción do convenio.

3º.- O novo monte **MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOÁS 321-55170** queda constituído por 613 ha procedentes do consorcio Majedo OR-3026 que constitúen parte do monte veciñal clasificado e adxudicado á comunidade de Fornelos de Filloás.

4º.- As superficies do monte Majedo OR-3026 son:

Superficie total	694 ha
Superficie traballada	625 ha.

Ó convenio pasan:

Superficie total	613 ha.
Superficie traballada	569 ha.

5º.- O novo monte **MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOÁS, 321-55170** queda constituído por 613 ha pertencentes ó consorcio Majedo OR-3026.

6º.- As superficies do novo convenio **MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOÁS, 321-55170** son:

Superficie total	613 ha.
Superficie arbolada	419 ha
Superficie rasa	194 ha

7º.- Que en sesión do 23 de xuño de 1975, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar o monte Majedo a favor dos veciños de Fornelos de Filloás, do concello de Viana do Bolo, sendo firme o acordo ó non haber reclamacións presentadas no prazo.



8º.- Que os traballos de repoboación imputable ó consorcio do monte Majedo OR-3026 comezaron no ano 1953.

ESTADO DE CONTAS DO MONTE MAJEDO OR-3026, NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE FORNELOS DE FILLOÁS:

Ata o 31 de decembro de 1975

GASTOS:

Gastos totais do consorcio:	7.259.367 ptas.-
Imputables ó convenio 321-55159	3.427.353 ptas.-
Total gastos por traballos:	3.832.014 ptas.-

Corresponden á parte de Fornelos de Filloás:

Traballos: 3.832.014 ptas x 569 ha / 625 ha	3.488.666 ptas.-
Gardería: 595 ptas/ha x 569 ha	338.555 ptas.-
Administración: 7,85% s/3.488.666 ptas	273.860 ptas.-

TOTAL GASTOS: 4.101.081 PTAS.-

INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio:	14.296 ptas.-
Imputables ó convenio 321-55159	6.750 ptas.-
Total ingresos computables ó consorcio:	7.546 ptas.-

Corresponden á parte de Fornelos de Filloás:

Aproveitamentos madeirables:	
7546 ptas x 569 ha /625 ha	6.870 ptas.-
Condonación deuda Lei 13/89	4.094.211 ptas.-

TOTAL INGRESOS: 4.101.081 PTAS.-

Saldo = cero pesetas.-



Gastos por traballos OR-3026 dende o día 1 de xaneiro de 1976 ata o 31 de decembro de 1999: 52.946.672 pesetas.

A deducir:

Imputables ó convenio 321-55159	16.354.642 ptas.-
Cofinanciación U.E. 72,5% s/25.250.247 ptas	18.306.429 ptas.-

Total gastos computables por traballos Majedo OR-3026: 18.285.601 ptas.-

Ingresos por aproveitamentos Majedo OR-3026 con data 31-12-1999:	11.086.506 ptas.-
Imputables ó convenio 321-55159	5.234.254 ptas.-
Total ingresos computables ó consorcio OR-3026:	5.852.252 ptas.-

9º.- Que os gastos por traballos, administración e gardería, así como os ingresos do monte Majedo OR-3026 na parte de Fornelos de Filloás, que pasan á conta do convenio do monte MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOÁS, 321-55170 son:

A.- Gastos:

- Traballos: 18.285.601 ptas x 569 ha / 625 ha	16.647.211 ptas
- Gardería: 569 ha x 1190 ptas /ha	677.110 ptas
- Administración: 7,85% s/16.647.211 ptas	1.306.806 ptas
TOTAL GASTOS:	18.631.127 PTAS.-

B.- Ingresos:

Ingresos:	11.086.506 ptas.-
Imputables ó convenio 321-55159:	5.234.254 ptas.-
Total ingresos imputables ó consorcio:	5.852.252 ptas.-
569ha / 625 ha x 5.852.252 ptas	5.327.890 ptas.-
TOTAL INGRESOS:	5.327.890 PTAS.-

Resulta un saldo no monte Majedo OR-3026 na parte correspondente ós veciños de Fornelos de Filloás de:

G –I = 18.631.127 ptas – 5.327.890 ptas = 13.303.237 pesetas a favor da Xunta de Galicia



Á vista do exposto **proponemos:**

PRIMEIRO.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: **MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOÁS**

Elenco: 321-55170

Superficie: 613 ha (419 arboradas e 194 rasas)

Pertenza: Veciños de Fornelos de Filloás

Concello: Viana do Bolo

Provincia: Ourense

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo creado: 70%

Participación da consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio: **13.303.237 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio Majedo OR-3026 teña as seguintes características:

Nome: Majedo

Elenco: OR-3026

Superficie: 81 ha

Pertenza: Pradocabalos

Concello: Viana do Bolo



TERCEIRO.- Que por pasar á conta do convenio do monte MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOÁS, 321-55170, das contas do consorcio do monte Majedo OR-3026 se resten as seguintes cantidades:

- Gastos ata 1975:	3.488.666 ptas.-
- Ingresos ata 1975:	6.870 ptas.-
- Gastos ata 1999:	16.647.211 ptas.-
- Ingresos ata 1999:	5.327.890 ptas.-

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2000.

**O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,**



Plácido Baamonde López.

**VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL,**



Tomás Fernández-Couto Juanas.

**EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**



INFORME M.V.M.C. MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOÁS- 32155170

CONSULTA: Conveniencia ou non de atende-la petición da Comunidade de Fornelos de Filloás en Viana do Bolo (Ourense) para transformar de consorcio a convenio o M.V.M.C. denominado "Majedo de Fornelos de Filloás".

Con data 26 outubro de 2000 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Ourense para transformar de consorcio a convenio o M.V.M.C. denominado "Majedo de Fornelos de Filloás" de 613 has que proceden do consorcio Majedo OR-3026.

Vista a solicitude de 16 de outubro de 1999 de D. Vicente Fernández García, en calidade de presidente da xunta rectora da C.M.V.M.C. do monte Majedo – Viana do Bolo, que é quen solicitou o inicio do expediente;

Vista a aceptación das cláusulas do novo convenio pola comunidade antedita en certificación de 18 de novembro de 1999;

Vista a certificación da encargada da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común de Ourense de data 4 de abril de 2000;

Vista a certificación e o informe do Xefe de servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense de data 3 de outubro de 2000, favorables á petición,

e vistos os artigos 49 e seguintes do Real Decreto 1279/1978, que aproba o Regulamento da Lei de fomento da produción forestal, así como a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común,

INFORMO favorablemente á petición, considerando concorrente a vontade das partes; informe sometido a criterio mellor fundado. Non se ponen en cuestión nin a propiedade dos terreos nin as valoracións de tipo económico.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2000



Asdo.: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección Xurídica)



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: **MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOÁS**

Elenco: 321-55170

Superficie: 613 ha (419 arboradas e 194 rasas)

Pertenza: Veciños de Fornelos de Filloás

Concello: Viana do Bolo Provincia: Ourense

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo creado: 70%

Participación da consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio: **13.303.237 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio MAJEDO OR-3026 teña as seguintes características:

Nome: MAJEDO

Elenco: OR-3026

Superficie: 81 ha

Pertenza: Pradocabalos

Concello: Viana do Bolo

TERCEIRO.- Que por pasar á conta do convenio do monte MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOÁS, 321-55170, das contas do consorcio do monte Majedo OR-3026 se resten as seguintes cantidades:

- Gastos ata 1975:	3.488.666 ptas.-
- Ingresos ata 1975:	6.870 ptas.-
- Gastos ata 1999:	16.647.211 ptas.-
- Ingresos ata 1999:	5.327.890 ptas.-

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo



dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2000.

O CONSELLEIRO
(por Orde do 12-01-98)
O Secretario Xeral,




José Luis Aboal García-Tuñón.

Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.
Santiago de Compostela.-

C O N V E N I O

N.º	321	55170
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a dous de novembro de dous mil. ~~de mil novecentos~~
~~noventa e~~ .

R E U N I D O S

Dunha banda, D. _____, Conselleiro
de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. VICENTE FERNANDEZ GARCIA como representante
da comunidade propietaria do monte veciñal en man común MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOAS
_____, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas
do 1951
para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do montado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria dos mesmos, de non existir.~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN
MAN. COMUN. DE FORNELOS DE FILLOÁS

e son os que a continuación se describen:

Denominación: MAJEDO DE FORNELOS DE FILLOÁS

Termo municipal: VIANA DO BOLO

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal MONTE VECIÑAL EN MAN COMUN CLASIFICADO O, 23-06-1975
A FAVOR DOS VECIÑOS DE FORNELOS DE FILLOAS

Límites:

N.: RIO CAMBA E PROPIEDADES PARTICULARES DE FORNELOS DE FILLOAS.

S.: TERMO MUNICIPAL DE A GUDIÑA.

L.: DO RIO CAMBA NA PARAXE "COURISCADA" - LOMBA DA GORVIA - CABEZA PEQUENA - CABEZA GRANDE E POLO LOMBO QUE ESTA FORMA HACIA O SUR ATA A GUDIÑA.

O.: TERMO DE VILARIÑO DE CONSO E RIO CAMBA.

Superficie: 613 HAS.

Estado forestal: 419 HAS. REPOBOADAS CON P. SYLVESTRIS E P. PINASTER.
194 HAS. RASAS

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: 0 HAS.

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
419 HAS. DEL OR-3026

Sen vexetación arbórea: Servidumes: AS HABITUAIS DE PASO.

3ª.- O chan continuará pertencendo a COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS DE FORNELOS DE FILLOÁS

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

~~c) O arborado na súa pertenza existente nestes terreos (si que se se non existise).~~

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-3026 EN SOLO 613 Has.

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o _____ por cento, e a comunidade propietaria, o _____ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 60 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. PINASTER, P. SYL-
VESTRIS, BETULA PUBESCENS.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don a Miriam Areal López -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado MAJEDO clasificado en data 23 de xuño de 1975 a favor dos veciños de Fornelos de Filloas, no Concello de Vian do Bolo . -----

2.—Que, así mesmo, figura Don Vicente Fernández García -----, e Don Avelino Rodríguez Pérez, -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, desde dende o 5 de decembro de 1998 ata 5 de decembro de 2002.-----

E para que conste, expido a presente certificación Ourense -----
a 4 de abril de 1999 2000.




Don AVELINO RODRIGUEZ PEREZ -----, Secretario de A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS DE FORNELOS DE FILLOAS -----

CERTIFICO : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 16 OCTUBRO DE 1999 estando designado Don VICENTE FERNANDEZ GARCIA representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en -----
a 18 de novembro de mil novecientos noventa e nove .

O SECRETARIO,

Visto e prace,


O PRESIDENTE




Asdo.: VICENTE FERNANDEZ GARCIA

Asdo.: AVELINO RODRIGUEZ PEREZ

Don TOMAS FERNANDEZ-COUTO JUANAS -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,


Pola Consellería de Medio Ambiente,

SECRETARIO XERAL
Asdo.: José Luis Abad García - Tuñón